XUNTA DE GALICIA
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
Concello de Betanzos

# SOLICITUDE OFICIAL

*PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO CONCELLO DE BETANZOS*

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| Nome / Razón social | Apelidos | NIF |
|---|---|---|
| | | |

| Tipo (rúa, praza…) | Nome da vía | Núm. | Bloq. | Andar | Porta |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| Parroquia | Lugar |
|---|---|
| | |

| Código postal | Concello | Provincia |
|---|---|---|
| | | |

| Teléfono 1 | Teléfono 2 | Correo electrónico |
|---|---|---|
| | | |

## DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

| Nome / Razón social | Apelidos | NIF |
|---|---|---|
| | | |

Deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito.

## DATOS DE NOTIFICACIÓN

○ Notificación postal ○ Notificación telemática

As notificacións realizaranse preferentemente por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Betanzos.

Poderase acceder á notificación electrónica co certificado electrónico, DNI-e ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento na súa carpeta cidadá da sede electrónica do Concello.

| Teléfono móbil | Correo electrónico |
|---|---|
| | |

No caso de persoas físicas, e sempre e cando o solicitasen previamente, recibirán notificacións postais, e poderán presentar a documentación fisicamente no rexistro.



CVD: xSISFtf2nIGQbWjO9rZ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De acordo ao disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, teñen o deber de relacionarse electronicamente con estas as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica (incluídas as comunidades de propietarios e agrupacións de persoas propietarias), as que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións no exercicio desa actividade profesional e aquelas que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración.

## TIPO DE SOLICITANTE

○ Persoa física

○ Persoa xurídica de natureza privada

○ Comunidad de persoas propietarias ou agrupación de comunidade de persoas propietarias conforme o artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal

○ Persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias de edificios que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código Civil e non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal; comunidade de bens

○ Sociedade cooperativa

○ Empresa arrendataria ou concesionaria de edificios

## SOLICITA

Participar na convocatoria do “Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio” no Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) do “Conxunto histórico de Betanzos e a súa zona de protección”, no municipio de Betanzos.

## DECLARACIÓNS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

○ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| Organismo | Ano | Disposición reguladora | Importe (€) |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

2. Que, en relación coas axudas de minimis:

○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de minimis.

○ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas de minimis, que son as que a seguir se relacionan:

| Organismo | Ano | Disposición reguladora | Importe (€) |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |



CVD: xSISFtf2nIGQbWjO9rZ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.

3. Que, en relación co IVE do investimento total (custo da actuación):

○ A persoa solicitante é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial do IVE.

○ A persoa solicitante non é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial do IVE

4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás a da letra e) dos ditos artigos, relativa á obriga de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
5. Estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. Que a empresa non está en crise, de acordo coa definición de "empresa en crise" do punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño de 2014, se é o caso.
7. No caso de persoas xurídicas de natureza privada, que se encontran debidamente constituídas, conforme coa normativa que lles resulte de aplicación.
8. Que as obras non se iniciaron antes do 1 de febreiro de 2020 nin están acabadas no momento da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña.
9. Que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases e na convocatoria do programa.
10. Que todos os datos da súa solicitude son certos.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

| **Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. <u>No caso de oposición a esta consulta, deberá indicarse no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos</u>** | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|---|---|
| DNI/NIE da persoa solicitante, así como das persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias das vivendas e, de ser o caso, dos locais do edificio, que participen nas obras e estean interesadas na subvención | ☐ |
| DNI/NIE da persoa representante, de ser o caso | ☐ |
| Estar ao día dos pagos coa Seguridade Social, no momento do pagamento da subvención | ☐ |
| Estar ao día dos pagos coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no momento do pagamento da subvención | ☐ |
| Estar ao día dos pagos co Concello de Betanzos, no momento do pagamento da subvención | ☐ |
| Certificado catastral de titularidade correspondente á persoa solicitante | ☐ |
| Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais do/s inmoble/s nos que se van levar a cabo as actuacións, que acredite su uso | ☐ |
| Consulta de subvencións e axudas | ☐ |
| Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas | ☐ |
| Consulta de concesións de subvencións pola regra de minimis, en el caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais | ☐ |



CVD: xSISFtf2nIGQbWjO9rZ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>**A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. <u>De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente</u>.** | AUTORIZO A CONSULTA |
|---|---|
| NIF da persoa xurídica de natureza privada ou da entidade solicitante | ○ SI ○ NON |
| NIF da entidade representante | ○ SI ○ NON |
| Estar ao día nos pagos coa AEAT para subvencións e axudas, no momento do pagamento da subvención | ○ SI ○ NON |

**DATOS DO EDIFICIO OU VIVENDA**

○ Edificio de tipoloxía residencial colectiva ○ Vivenda unifamiliar

| Tipo (rúa, praza…) | Nome da vía | Núm. | Bloq. |
|---|---|---|---|
| | | | |

| Código postal | Referencia catastral do edificio ou vivenda unifamiliar |
|---|---|
| | |

| **No caso de edificio de tipoloxía residencial colectiva:** | | |
|---|---|---|
| Número total de vivendas do edificio | | vivendas |
| Número total de vivendas do edificio <u>partícipes nas obras e interesadas na subvención</u> | | vivendas |
| Número total de locais comerciais ou doutros usos distintos a vivenda do edificio | | locais |
| Número total de locais comerciais ou doutros usos distintos a vivenda do edificio <u>partícipes nas obras e interesados na subvención</u> | | locais |
| Superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles | | $m^2$ |
| Superficie construída con destino a vivenda (residencial), excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles | | $m^2$ |
| Superficie construída dos locais comerciais ou doutros usos distintos a vivenda do edificio <u>partícipes nas obras e interesados na subvención</u> | | $m^2$ |

Redución prevista na demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio tras as actuacións:

○ Alcanzase unha redución de polo menos un 25% da demanda enerxética anual global calefacción e refrixeración.

○ Non se acada o obxectivo da redución de polo menos un 25% da demanda enerxética anual global calefacción e refrixeración, pero se está nalgún dos supostos de excepcionalidade recollidos nas bases da convocatoria e así se xustifica no proxecto ou memoria.

Aforro enerxético previsto coa actuación no consumo de enerxía primaria non renovable:

○ Igual ou superior ao 30% e inferior ao 45%.

○ Igual ou superior ao 45% e inferior ao 60%.

○ Igual ou superior ao 60%.



CVD: xSISFtf2nIGQbWjO9rZ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## ORZAMENTO

| | Investimento total | Custo subvencionable | |
|---|---|---|---|
| | | Sen IVE | Con IVE (*) |
| Obra (**) | € | € | € |
| Retirada de amianto | € | € | € |
| Honorarios e outros | € | € | € |
| TOTAL | € | € | € |

(*) Cubrir esta columna só no caso de que o IVE non sexa susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.

(**) Incluída a retirada de amianto, de ser o caso, que se desagregará na seguinte fila.

## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ No seu caso, documentación acreditativa da representación da persoa ou entidade que actúe no nome da persoa física ou xurídica de natureza privada ou entidade solicitante.

☐ Escritura pública, certificado, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmoble, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física, unha persoa xurídica de natureza privada ou unha agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais.

☐ Proxecto da actuación que se vai a realizar ou, na súa falta se a actuación non require proxecto, memoria xustificativa da actuación. A documentación mínima desta memoria será a descrición da situación actual e das actuacións que se pretenden realizar, a xustificación do cumprimento da normativa (en particular, do DB HE), o orzamento desagregado cos prezos unitarios por ámbitos de actuación e planos. Así mesmo, na documentación do proxecto da actuación ou na memoria xustificativa da actuación, segundo corresponda, incluirase o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable estimado con respecto á situación inicial, o investimento subvencionable e a contía da axuda solicitada.

O proxecto ou a memoria deberán de cumprir co establecido nas bases “Actuacións subvencionables” e “Requisitos das actuacións”. No caso de atoparse nun dos supostos previstos de excepcionalidade total ou parcial do cumprimento da redución da demanda enerxética, deberá de xustificarse no devandito proxecto da actuación ou na memoria técnica xustificativa da axuda e acreditalo cos documentos correspondentes.

Opcionalmente, poderá optarse por referirse ao proxecto presentado para a solicitude de licenza ou comunicación previa, bastando con indicar o número e data de rexistro de entrada da solicitude, ou o número de expediente, se se dispón del.

| Núm. rexistro (sede electrónica) | Data de rexistro | Número de expediente |
|---|---|---|
| | | |

☐ Libro do edificio existente para a rehabilitación ou, na súa falta, dun estudo sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidos na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e un plan de actuacións en que se identifique a actuación proposta.

☐ Certificado de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar previo á intervención debidamente inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia (RGEEE), acompañado da etiqueta obtida do seu rexistro.

Número de rexistro (RGEEE)



CVD: xSISFtf2nIGQbWjO9rZ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

☐ Certificado de eficiencia enerxética obtido considerando realizadas as actuacións previstas no proxecto, subscrito por unha persoa técnica competente, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado rexistrado no seu estado actual, en que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda.

☐ Contrato ou oferta asinado e orzamento desagregado por partidas, medicións, prezos unitarios e totais, co IVE desagregado correspondente e a aceptación expresa por parte das persoas beneficiarias. Os prezos deberán ser acordes aos custos de mercado. Na folla resumo por capítulos deberán de constar a firma e selo da empresa, o seu NIF e a data. As características das partidas deste orzamento deberán de coincidir coas especificadas no proxecto ou a memoria, e coas descritas no certificado de eficiencia enerxética.

☐ No seu caso, copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no caso de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros en obras e/ou 15.000 euros en servizos e subministracións para o mesmo contratista ou provedor. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberase de xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

☐ Solicitude de licenza ou comunicación previa, segundo proceda, ou compromiso da súa presentación no prazo de tres meses desde a notificación da resolución de concesión da axuda. Se as obras están iniciadas, licencia urbanística ou comunicación previa cunha declaración responsable de que non foron requiridas para a súa emenda.

☐ No seu caso, certificado do inicio das obras asinado pola persoa técnica titulada competente ou acta de implantación, asinada e datada pola persoa directora da obra e a empresa construtora e co visto e prace da propiedade.

☐ Reportaxe fotográfica en cor do estado previo ás actuacións de todas aquelas zonas que se van ver afectadas polas actuacións de rehabilitación e nas que resulte posible apreciar de forma concreta o elemento ou elementos obxecto da intervención, así como da fachada principal do edificio.

☐ Cando as persoas que asuman a responsabilidade da execución integral da actuación non sexan as propietarias do inmoble, acordo ou contrato vixente que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto do programa.

☐ Anexo 2: Datos das persoas e entidades partícipes nas obras (propietarios ou inquilinos) e interesados na subvención.

☐ Anexo 3: Certificado do acordo da comunidade de persoas propietarias, agrupación de comunidades de persoas propietarias ou sociedade cooperativa.

☐ Anexo 4: Certificado da agrupación de persoas físicas e/ou persoas xurídicas de natureza privada ou declaración da comunidade de bens, propietarias do edificio.

☐ Avaliación favorable de adecuación ou declaración responsable do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente no sentido establecido no número 6 do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. No caso de optar pola declaración responsable, axustarase ao contido do anexo 5.

☐ Anexo 6: Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI).

☐ Anexo 7: Cesión e tratamento de datos persoais.



CVD: xSISFtf2nIGQbWjO9rZ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

As actuacións cumpren cos requisitos establecidos no Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, e na Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no "Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, así como nas bases da convocatoria.

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

| | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Concello de Betanzos. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa ou entidade interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa ou entidade interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsible (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas ou entidades interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica do Concello de Betanzos. |

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | , | | de | | de | |

CVD: xSISFtf2nIGQbWjO9rZ0
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.